

# MASTERCLASS DE VIOLA E MÚSICA DE CÁMARA CON NATALIA MADISON

VIOLA PRINCIPAL DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DATA: 23 DE FEBREIRO DE 09:00 A 14:00 E DE 16:00 A 20:00

Natalia Madison naceu e formouse en Ekaterinburgo (Rusia), onde obtivo en 1993 o título superior con honores no Conservatorio Estatal dos Urais. Iniciou a súa carreira profesional na Orquestra Filarmónica dos Urais e foi membro da Xoven Orquestra Gustav Mahler baixo a dirección de Claudio Abbado. Posteriormente formou parte da Orquestra de Moscova, como coprincipal da sección de violas, e da Orquestra de Cámara do Kremlin de Moscova, dirixida por M. Rajlevsky.

Máis tarde integrouse na Orquestra Sinfónica de Galicia e, desde 1999 ata a actualidade, forma parte da Real Filharmonía de Galicia, onde exerce como viola principal. Desenvolve tamén unha intensa labor docente como profesora da Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, destacando polo seu rigor artístico, a súa esixencia e a súa capacidade para guiar o alumnado na comprensión e resolución do repertorio orquestral e camerístico.

INSCRICIÓN: Enviar un correo electrónico a [diegosegade@gmail.com](mailto:diegosegade@gmail.com), indicando nome, apelidos e DNI, co asunto "Masterclass viola Natalia Madison"